

## GUIÓN DE TRABAJO

### 1. INTRODUCCIÓN (para o alumnado)

O obxectivo deste traballo é crear un **gravado en goma** inspirado nos temas críticos e sociais dos que Francisco de Goya trataba nas súas obras, especialmente nas series de gravados: *Os Caprichos* ou *Os Desastres da Guerra*.

A túa obra deberá representar **un problema actual**, como por exemplo:

1. Redes sociais (fake news, adicción, odio, etc.)
2. Desigualdade, guerras ou conflitos actuais
3. Cambio climático
4. Outro tema de interese

### 2. INVESTIGACIÓN E REFERENTES

Busca e observa gravados de Goya:

1. Uso de **branco e negro (alto contraste)**
2. Figuras deformadas o **expresivas**
3. Mensaxe social **claro**

Podes consultar os gravados no seguinte enlace ou facendo unha busca rápida en internet:

[Estampas y planchas - Francisco de Goya - Catálogo digital RABASF](#)

### 3. DESEÑO

- Fai 2-3 deseños e escolle a mellor idea
- Simplifica as formas (moi importante para gravado)
- Pensa en:
  - Luces (o que **SÍ** tallas)
  - Sombras (o que **NON** tallas)

## 4. PROCESO DE GRAVADO

### Material básico

- Plancha de goma, gubias (ferramentas de corte), rodillo, tinta e papel.

No seguinte link podes atopar o material:

[Fdit Kit de Tallado de Goma, Cuchillo de Sello de Bloque, Materiales de Sello de Goma, Rodillo de Ladrillos de Goma, Herramientas de Grabado, Juego de Cortadores Artesanales, : Amazon.es: Bricolaje y herramientas](#)

Podes buscar un material máis barato, o importante é ter unha gubia de gravado (a ferramenta para facelo) e a goma de gravado (o material para facer o gravado)

Nos seguintes enlaces podes ver como elaborar o gravado:

Vídeo 1: [Cómo hacer linograbado | Tutorial | totenart.com](#)

Vídeo 2: [Grabado en linóleo -estampa- linograbado - YouTube](#)

Imaxe simplificada de como facelo:



## 5. ENTREGA FINAL

O alumnado deberá presentar os resultados:

- Gravado final (impresión en papel)
- Matriz (plancha tallada)
- O comentario e a relación coa obra de Goya

- Explicación en formato presentación (Canva, Powerpoint,...): os que teñan que presentalo
  - Tema elixido
  - Mensaxe que busca transmitir o gravado
  - Relación con Goya (gravado/s nos que te inspiras e análise dos mesmos)